

política
ÚTIL



CENTRADOS EN TOURO

FRANQUEO
PAGADO

ENVIO DE PROPAGANDA ELECTORAL



Suso Martínez

Implicado na política municipal media vida, persoa sensata, honesta e de firme convicción e vocación política. Disposto a axudar sempre que pode, boa persoa e apreciable por quen o coñece. Suso vai ser **un bo alcalde**

Benqueridos veciños e veciñas de Touro, Nacín e vivín toda a miña vida en Touro, ao igual que os meus compañeiros da lista electoral, cos que formo un novo equipo para poder estar preto de vos, para comprendervos e entender as vosas necesidades. Así podemos saber de primeira man o que necesita o noso concello e observar as deficiencias que hai, como ocorre nos servizos públicos básicos, servizos de abastecemento, pistas e camiños, turismo, área sociocultural... Por iso, presentamos un programa electoral atendendo a esas carencias, necesidades e recursos que hai en Touro, buscando brindar un futuro digno e merecedor do noso concello.

Esperamos que nos concedades a vosa confianza para gobernar a partires do 28 de maio e así poder poñer en práctica os nosos obxectivos e situar o noso concello no lugar que merece, outorgándolle un bo futuro traballando xuntos, por e para vos.

Nas vosas mans está seguir sendo a cola da Comarca ou cambiar esa situación para mellor, confiando en xente con aires novos pero sen perder o rumbo.

Vota por brindarlle un futuro a Touro.

Vota Partido Galego!

PARTIDO GALEGO



Quen somos?

O Partido Galego é un partido político de centro e galeguista, que nace coa intención de representar a todos os galegos e galegas que consideran que a nosa terra conta cunha cultura e unha lingua propia de seu que deben de ser queridas e protexidas.

Consideramos que Galicia posúe grandes potencialidades que non foron suficientemente desenvolvidas e que debemos recuperar o atraso económico e social que temos respecto doutras rexións do estado.

No PG somos como ti, amamos o País e creemos que a forma de gobernar Galicia e os concellos, debe ser con partidos de aquí de Galicia, con persoas honestas e con vocación de servir á veciñanza dende as alcaldías.

Por unha política útil, Vota PG!!!

Nese Plan revitalizaremos os sectores de hostalería, agro-forestal, artesanía, comercio local, sendeirismo, centros de actividades e aulas da natureza, flora e fauna, a conservación e posta en valor do patrimonio histórico e arqueolóxico, etc.

Esta fermosa ferverza é un exemplo da potencialidade do concello de TOURO. O sector medioambiental debe levar da man un Plan de turismo municipal e comarcal, que atraía riqueza ao concello e comarca e ao tempo desperte maior conciencia medioambiental.

FERVERZA DO INFERNIÑO



1. JESUS MARTÍNEZ PEREIRA (Quión)
 2. ENRIQUE RODRÍGUEZ RAVIÑA (Prevedíños)
 3. LUCÍA RODRÍGUEZ MAROÑO (Besño)
 4. GONZALO RODEIRO LOUZA (Touro)
 5. MARÍA NIEVES VEIGA ROSENDE (Bama)
 6. ANDRÉS MANUEL SILVA PUGA (Foxás)
 7. PAULA VILLAR IGLESIAS (Turces)
 8. FÁTIMA ROSENDE MARTÍNEZ (Ribeira)
 9. JUAN MANUEL FERREIRO IGLESIAS (Vilar)
 10. SARA PINTOR VÁZQUEZ (Circes)
 11. FELISA IGLESIAS HERMIDA (Bendaña)
- Suplentes
- 1 OLAYA VIDAL QUINTeiro (Prevedíños)
 2. ROBERTO CARLOS AURAN MAGÁN (Santiso de Cornado)
 3. JOSE RAMÓN MONTERO SALGUEIRO (Calvos)

CANDIDATURA A ALCALDÍA DE TOURO



TOURO MERECE MÁIS

AREA TERRITORIAL

Urbanismo, obras e servizos

Proceder ó aglomerado das pistas principais que conducen ós núcleos de poboación e solicitar á Xunta a ampliación de carreteras. Creación de sendas en núcleos de poboación, tendo en conta os planos de mobilidade de eliminación de barreiras.

Mellorar as señalizaciones de todas as parroquias e aldeas do concello, xa que moitas delas están nun estado grave de deterioro. Habilitar os locais das escolas rurais para uso social e de ocio dos veciños, así como o resto de inmobles que actualmente están en desuso.

Crear un plan de alcantariñado e con depuradoras en estado óptimo de funcionamento. Captación de auga para os depósitos para que non haxa que restrinxir a auga nas épocas de seca, xa que prexudica aos nosos gandeiros e agricultores. Medidas encamiñadas ao control de velocidade en zonas de poboación onde sexa perigoso o tráfico.

Completar os puntos de toma de captación de auga para os camiños de bombeiros. Actualmente só hai no polígono industrial, Bama, Prevedinos, Vilar e Foxas, polo que é necesario establecer máis outros núcleos.

Medio ambiente

Aproveitamento do sistema de Rede Natura para conseguir axudas por medio da mesma para o mantemento dos nosos montes.

Adaptar un lugar para o Punto Limpo e aumentar os contedores de reciclaxe nas parroquias, ademais de fomentar a reciclaxe do lixo con campañas de concienciación.

Crear unha cuadrilla municipal de incendios que se dedique a prevención dos mesmos mediante desbroces das pistas que fan de cortallumes etc, xa que así é máis fácil e rápido a extinción deles. Ampliar a subzona de plantación de viñedo coa ampliación da demarcación das Rías Baixas.

AREA SOCIOCULTURAL

Educación, xuventude, muller e terceira idade

Apoio constante ó noso C.P.I Plurilingüe Fonte Diaz de Touro, e colaboración coa ANPA do mesmo.

Promoción e axudas a asociacións xuvenís culturais e deportivas.

Revisar as condicións do empregado da empresa do servizo de axuda á domicilio para mellorar a súa situación, podendo prestar un mellor servizo e unha atención personalizada.

Crear salidas en verán para os xóvenes a diferentes destinos en grupo con prezos moi asequibles.

Revisión do programa de transporte, en especial, o empregado polos estudantes para dirixirse ao seu centro de estudo.

Sanidade

Reforzar e mellorar os servizos médicos, podendo prestar así unha maior calidade e evitar listas de espera. Unha das medidas a implementar é a substitución do persoal cando un se encontra de baixa laboral ou de vacacións, eludindo as demoras nas citas; ou a ampliación dos días de servizo doutros profesionais.

Solicitar servizos de Raios X para o centro de saúde, evitando que a veciñanza teña que desprazarse ao hospital e os tempos de demora que conleva isto.

Cultura e deportes

Habilitar un espazo para a banda de música de touro e Pinguela de Bama, permitindo que se poidan establecer nun lugar fixo e sen interrupcións, así como contar cun horario máis amplo.

Arranxar fugas da piscina municipal, xa que cos litros que perde, pódese aumentar os depósitos de auga.

Mellorar o complexo deportivo, con monitor, horario amplo e con máquinas en bo estado.

Festexos e feiras

Crear unha festa gastronómica.

Mellorar a feira do día 5.

Desarrollar dun plan como centro de atracción da mocidade e creación dunha zona da "movida" da xuventude, onde se poida atraer aos xóvenes e retomar os anos da mocidade de Touro.

Creación dunha festa de xuventude no concello.

AREA ECONÓMICA

Empresa, emprego e comercio

Favorecer a instalación e captación de empresas para mellorar e ampliar o polígono industrial, facilitando así a empresas e autónomos para que se instalen no concello e mesmo que poidan crear emprego.

Turismo

Touro conta cunha contorna natural fantástica que debería ser potenciada. Existen dúas rutas oficiais que deberían estar transitables durante todo o ano, potenciando saídas con andainas. Abrir outras novas, de menor dificultade, para que se poidan facer en familia.

Colaborar con outros municipios para realizar andainas e encontros.

Crear un plan de turismo onde contemple o río Ulla como un foco atractivo, establecendo varios tipos de actividades como competicións de pesca, rutas de sendeirismo, actividades acuáticas, valoración de zonas máis conservadas do Ulla...

Crear unha campaña de promoción do produtos da zona e dos locais.

Tecnoloxía

Esixir o cumprimento do plan subvencionado pola UE e coordinado pola INEGA e os propios concellos da instalación da Fibra. Priorizar as zonas ate completar todos os núcleos e presionar a Telefonica para que envíe as empresas auxiliares ao concello.

Agricultura, gandería e forestal.

Rematar a concentración parcelaria.

Axudar a veciñanza para poñerse ao día co cumprimento da lei de benestar animal.